

ACTA N.º 5/2016
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 31 DE MAIO DE 2016

ASUNTOS

- I.- CUESTIÓN PREVIA
ELECCIÓN XERAIS DO 26-06-2016; SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS
- II.- PARTE RESOLUTIVA
II.1.- ACTA ANTERIOR
II.2.- PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NIGRÁN
II.3.- ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE "CAMPAMENTOS DE VERÁN 2016"
II.4.- PROPOSTA PARA REINICIAR AS APORTACIÓNS AO PLAN DE PENSIÓN
II.5.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (CURSO 2016-2017)
II.6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE FOMENTO DOS DESPRAZAMENTOS SOSTIBLES
II.7.- CONVOCATORIA II PLAN DE BECAS MUNICIPAIS DE NIGRÁN
- III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO
III.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á SUBVENCIÓN PARA SERVIZOS SOCIAIS
III.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBTETIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBIDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016
III.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016
III.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016
III.5.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- PP:

- D.ª Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.ª Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- NIGRÁN DECIDE:

- D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

-UCNigrán:

- D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:

- D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves Martes, 31 de maio de 2016
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria, ao aprazarse ata esta data a correspondente ao mes de maio.
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 23:13
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17

Incidencias:

- a) Alteracións no *quórum* de asistencia: Non se produciron
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- CUESTIÓN PREVIA

ELECCIÓN XERAIS DO 26-06-2016: SORTEO DE COMPOÑENTES DAS MESAS ELECTORAIS

Realízase o sorteo mediante a utilización do programa "Conoce" facilitado pola Oficina do Censo Electoral. A continuación o funcionario encargado do proceso informático, D. Manuel Fernández Comesaña, procede á lectura pública dos resultados. Unha copia impresa dos mesmos incorpórase ao expediente da sesión.

II.- PARTE RESOLUTIVA

II.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 28 de abril de 2016

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 28 de abril de 2016 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

II.2.- PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ DO CONCELLO DE NIGRÁN

Expte. nº: 2016/029S

A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do 24 de maio de 2016, formula ao Pleno a seguinte proposta:

A Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, no seu art. 70 bis sinala que os Concellos deben establecer e regular en normas de carácter orgánico os procedementos e órganos axeitados para a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida local.

O Regulamento de participación cidadá responde a esa esixencia e ao compromiso do Concello ante os cidadáns e cidadás de facilitar o exercicio dese dereito de participación democrática, así como a transparencia na xestión dos asuntos públicos locais.

Polo tanto, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Regulamento orgánico de Participación Cidadá do Concello de Nigrán.

SEGUNDO.- Continuar o procedemento nos termos previstos na lexislación aplicable e, en consecuencia, someter o expediente a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de trinta días, no que poderán presentarse reclamacións e suxestións, determinando que, no caso de que non se formulen, o presente acordo provisional quedará automaticamente elevado a definitivo, do que se deixará constancia mediante resolución da Presidencia.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Dálle a palabra ao Presidente da Comisión Informativa.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O resultado é froito da proposta do seu grupo e do traballo dos corporativos levado a cabo en tres sesións da Comisión Informativa. Estase cumprindo unha obriga e un compromiso electoral de varias formacións políticas aquí representadas. Refírese á estrutura do Regulamento e ao procedemento para a súa aprobación. Fai fincapé en diversos aspectos do contido, entre eles, aos diversos consellos que poderán crearse.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: O PP votará a favor. Pensan que vai fomentar a transparencia, resulta do consenso dos grupos e fíxose co asesoramento da Secretaría.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Agradece o esforzo de Nigrán Decide e que contou coa colaboración dos demais grupos. Confía en que no futuro poida mellorarse a partir da experiencia acumulada. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O seu grupo tomouse moi en serio esta cuestión e fixeron as súas achegas. Pode ser unha ferramenta moi útil para dar peso a estes

órganos de participación.

Sr. Cuevas Raposo: Agradece a colaboración da Secretaría e sinala que unha das innovacións é a participación dos colectivos sociais na elaboración dos orzamentos.

Sr. Alcalde-Presidente: Están satisfeitos dos resultados, sen descartar que poidan mellorarse no futuro.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello accorda aprobar nos seus propios termos a proposta da Comisión Informativa.

II.3.- ESTABLECIMENTO DE PREZOS PÚBLICOS PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CAMPAMENTOS DE VERÁN 2016”

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 25 de maio de 2016, informa favorablemente o expediente do establecemento de prezos públicos para a realización da actividade “campamentos de verán 2016”, nos seguintes termos:

1.- A Concellería de Turismo, Cultura, Xuventude e Igualdade a través do Centro de Información ás Mulleres ten previsto organizar dous campamentos urbanos para o ano 2016, coa finalidade de articular un recurso que facilite a conciliación da vida laboral, familiar e persoal co coidado dos nenos e nenas.

Xustificación da necesidade que se pretende cubrir

As vacación escolares do verán representa unha situación problemática para as familias nigranenses ante a carencia de recursos públicos e/ou privados no Concello de Nigrán e na Comarca do Val Miñor que permitan a conciliación da vida laboral, persoal e familiar nos períodos vacacionais escolares.

O Concello de Nigrán consciente de esta necesidade ven organizando actividades lúdico educativas fora do calendario escolar (un campamento urbano dende o ano 2011 nas vacacións estivais e una ludoteca nos anos 2013, 2014 e 2015 nas vacacións navideñas) co obxectivo de proporcionar as familias nigranenses un recurso para a conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

O campamento de verán destinouse a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 4 ou 5 anos e os 11 ou 12 anos segundo as convocatorias e cunha oferta de prazas que variou nas distintas anualidades. No ano 2015 a formalización de inscricións no campamento de verán, superou amplamente as 80 prazas ofertadas o que evidencia a existencia dunha necesidade superior a inicialmente estimada.

Para o verán do ano 2016 ampliarase a oferta, co fin de responder ás demandas formuladas ao respecto. Por unha parte incrementarase o número de prazas ata 120, así como a idade dos participantes, incorporando aos nenos e nenas con tres anos, tamén ofertarase un novo campamento con 40 prazas, destinado a adolescentes con idades comprendidas entre os 12 e 16 anos.

Por outra parte compre sinalar que a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local que modifica a Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, enumera no artigo 25 as competencias propias municipais, incluíndo no parágrafo 2 apartado 1) "a promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre"

Obxectivos

- Proporcionar ás nais e pais a posibilidade de conciliar as obrigacións familiares e laborais.
- Promover nos nenos e nenas participantes actitudes igualitarias e non sexistas

Número de persoas participantes

No "Campamento infantil verán 2016" ofertaranse 120 prazas para nenos e nenas nados entre os anos 2005 e 2013.

No "Campamento xuvenil verán 2016" ofertaranse 40 prazas para adolescentes nados entre os anos 2000 e 2004.

Lugar, datas e horarios

O "Campamento infantil verán 2016" desenvolverase no C.P.I Pánxón dende o día 27 de xuño ata o 29 de xullo, de luns a venres (agás o día 29 de xuño por ser festividade local e o 25 de xullo por ser festividade da Comunidade Autónoma) cun horario de 7.45 horas ás 15.15 horas.

O "Campamento xuvenil verán 2016" no Auditorio Municipal dende o día 4 de xullo ata o día 29 de xullo, de luns a venres (agás o día 25 de xullo por ser festividade da Comunidade Autónoma) cun horario de 9.00 horas a 14.00 horas.

Custos da realización da actividade

A realización dos Campamentos verán 2016 conlevará os seguintes custes:

- a) Contratación dunha entidade para o desenvolvemento de ambos campamentos.
- b) Contratación dunha entidade para a limpeza das instalacións destinadas ao Campamento infantil verán 2016.

Toda vez que aínda non se iniciou o correspondente expediente para a contratación da entidade prestadora do servizo, teranse en conta os custes estimados que segundo se fai constar na memoria económico financeira se establecen nas seguintes cantidades:

- Campamento infantil verán 2016: 14.227,32 euros.
- Campamento xuvenil verán 2016: 4.023,94 euros.

Solicitaráanse a lo menos tres orzamentos cun prezo máximo de licitación de 13.527,32 euros para o "Campamento infantil verán 2016" e 4.023,94 euros para o "Campamento xuvenil verán 2016".

Solicitaráanse tamén tres orzamentos para a limpeza das instalacións destinadas ao Campamento infantil verán 2016

Financiamento

Para a financiación de esta actividade contarase cos seguintes recursos:

a) Os prezos públicos que aboarán as persoas participantes. Segundo o exposto na memoria económico-financieira, recaudarase a cantidade de 8.806,25 euros no Campamento infantil verán 2016 e de 2.831,25 euros no Campamento xuvenil verán 2016, o que arroxa un importe total de 11.637,50 euros.

b) A subvención da Deputación de Pontevedra que foi solicitada por un importe de 2.000 euros ao amparo das Bases e convocatoria dun plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal para o exercicio 2016 publicadas no BOPPO nº 233 do 2 de decembro de 2015.

c) Recursos propios do Concello de Nigrán: dende o Concello de Nigrán aportárase a cantidade que resulta da diferenza entre o custe estimado de ambos campamentos, e a cantidade que se recaudará dos prezos públicos abonados polas persoas participantes (11.631,50 euros) así como o importe da subvención solicitada (2.000 euros), cantidade que ascende a 4.613,76 euros.

2. Proposta de acordo para o establecemento dos prezos públicos

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 05.05.16, referencia T 50/16 .

SEGUNDO.- Segundo o exposto nesta proposta para o establecemento dos prezos públicos para a realización da actividade "Campamentos de verán 2016", e na memoria económico-financieira que se acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 3.3.a) da Ordenanza Xeral de Prezos Públicos do Concello de Nigrán propónse o acordo de establecemento do prezos públicos nos seguintes termos:

A cuantía dos prezos públicos para as persoas participantes nos Campamentos de verán 2016 será a que a continuación se relaciona:

"Campamento infantil verán 2016"

Tarifa xeral

Campamento infantil verán 2016 horario ampliado	85,00 euros
Campamento infantil verán 2016 horario reducido	75,00 euros

Tarifa bonificada

Campamento infantil verán 2016 horario ampliado	21,25 euros
Campamento infantil verán 2016 horario reducido	18,75 euros

“Campamento xuvenil verán 2016”

Tarifa xeral

Campamento xuvenil verán 2016	75,00 euros
-------------------------------	-------------

Tarifa bonificada

Campamento xuvenil verán 2016	18,75 euros
-------------------------------	-------------

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Este é un instrumento para a conciliación. Explica as diferencias coas convocatorias precedentes. Alude ás prazas que se van ofertar e ao financiamento procedente de diversas fontes. Tamén fai referencia ás bonificacións previstas. Suprímese o límite de prazas para persoas con necesidades económicas. Hai unha emenda de Nigrán Decide.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non entenden a política social do goberno. O seu grupo propuxo que se eliminase o límite dos posibles bonificados. Fan unha proposta que presenta certas diferencias coa da Alcaldía, porque esta, entre outros aspectos, non respecta límite da pobreza no tema da bonificación.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Hai un problema de procedemento. Na Comisión Informativa non había un informe da intervención sobre a proposta definitiva e tampouco sobre as modificacións introducidas na Comisión. Non se sabe se hai reparos sobre os que deba decidir o Pleno. Pide que quede sobre a mesa por este motivo. En caso contrario, absteranse.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A proposta e a emenda presentada son o obxecto deste debate. O custe do servizo non se cubre. É unha actividade que xa se ven desenvolvendo. O aumentar os posibles usuarios bonificados é unha corrección acertada. Parécelle ben elevar o teito para beneficiarse das bonificacións. O dos 300 euros xa se recollía na proposta inicial.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Apoia a proposta. A demanda superou no pasado as prazas ofertadas. Por iso está de acordo en que se aumenten as prazas. Está a favor da proposta de Nigrán Decide, incluso se podería mellorar e reconsiderar neste caso a dedución dos 300 euros.

D^a. M^a. Carmen Alonso Macías Jorreto, do grupo Popular: Nas anteriores convocatorias tiñase

en conta a situación económica, incluso en certos casos de necesidade social acreditada a cota era cero.

Sr. García Pazos: Insiste na cuestión dos reparos e pregunta ao Interventor.

Sr. Interventor: O seu informe refírese a unha proposta inicial. Na nova proposta corríxense algúns reparos e outros non, como o da competencia municipal ou o da insuficiencia dos prezos para cubrir custes. O Pleno é quen debe levantar os reparos.

Sr. Alcalde-Presidente: A proposta foi enriquecida na Comisión. Pensa que neste caso mellorouse a iniciativa. E emenda de Nigrán Decide parécelle ben. As cantidades novas son asumibles. Pódese votar conxuntamente coa proposta ditaminada.

Sr. García Pazos: Entende que falta un informe definitivo da Intervención.

Votación sobre a petición do grupo Popular de que o asunto quede sobre a Mesa (art. 92 do ROF).- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello rexeita a petición de que o asunto quede sobre a Mesa.

Votación e acordo sobre o asunto.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Comisión Informativa, engadindo, á iniciativa do grupo Nigrán Decide, a seguinte determinación:

Aos efectos destes prezos públicos entenderase por situación de necesidade ou de dificultade económico-financieira cando o menor participante estea integrado nunha unidade familiar que teña ingresos mensuais (14 pagas anuais) iguais ou inferiores, segundo o número de membros que teña a unidade familiar, aos que se indican na seguinte táboa:

Nº DE MEMBROS	%	IMPORTE
2		681,03 €
3	20%	817,24€
4	40%	953,44 €
5	60%	1.098,65 €

6	80%	1.225,85 €
7	100%	1.362,06

Para o computo destes ingresos restarase ao importe mensual correspondente ao aluguer ou hipoteca da vivenda habitual até un máximo de 300 euros.

Aos efectos anteriores, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación dos presentes prezos públicos.

II.4.- PROPOSTA PARA REINICIAR AS APORTACIÓNS AO PLAN DE PENSÍONS

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 25 de maio de 2016, informa favorablemente o expediente da proposta para reiniciar as aportacións ao plan de pensións, ca seguinte proposta da Alcaldía:

Con data 17/11/1998 suscríbese mediante Decreto o Plan de Pensións do Concello de Nigrán. Con data 16/01/2012, mediante Circular (3/2012) se paralizan as aportacións o Plan de Pensións en cumprimento do Real Decreto-Ley 20/2012 do 30 de Decembro.

Con data 29/09/2015 dítase sentenza polo procedemento abreviado 391/2015 adquirindo firmeza en data 01/10/2015 na que se obriga ao Concello de Nigrán a abonar as cantidades pendentes do Plan de Pensións en favor do denunciante.

Con data 18/03/2016 a proposta do Concelleiro de Persoal, ante a posible extensión dos efectos da sentenza ao resto de beneficiarios do Plan de Pensións, se reinician as aportacións o Plan de Pensións.

Con data 18/03/2016 o informe da Intervención fai constar que o reinicio das aportacións o plan de Pensións é un acordo que debe ser tomado polo órgano correspondente, no caso actual, polo Concello-Pleno.

Con data 12/04/2016 entraron en vigor os Presupostos para o ano 2016 do Concello de Nigrán, dispoñendo dunha partida consignada para este fin.

Esta Alcaldía Presidencia, no uso das facultades legalmente conferidas, **PROPÓN** ao Concello Pleno a adopción do seguinte **acordo**:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán, que figuran nun informe do día 23.05.16, referencia T 61/16 .

SEGUNDO.- Reanudar con efectos do presente exercicio 2016, as aportacións o Plan de Pensións existente, constituído e vixente con anterioridade o 31/12/2011, en idénticos termos e condicións do establecido no mesmo.

TERCEIRO.- Que as aportacións serán de entre 30 e 37 euros por mes, aportando o promotor

e o participe na mesma cantidade , segundo recolle o Capítulo IV, Artigo 19 das especificacións do Plan de Pensións.

CUARTO.- Esta resolución pon fin a vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que a dictou, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na Lei 29/1998 do 13 de Xullo, no prazo de dous meses a contar dende a notificación. Todo sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Alude aos antecedentes e á existencia dunha sentenza que marca a pauta. Séguese o xa determinado no seu día no referido ás achegas. Fai fincapé en que é un plan anterior ao 2011.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Abstivéronse na Comisión. Lembra que a normativa alude a non incrementar a masa salarial anual. Hai un informe de reparos da Intervención por un incremento efectivo na masa salarial. Tamén hai reclamacións pendentes de varios traballadores.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Recorda a época na que, como delegado de persoal, negociou este asunto coa Corporación. Foi unha mellora significativa nas relacións laborais. Por coherencia segue defendendo a mesma postura favorable. No 2011 houbo unha interrupción. A referencia á masa salarial está presente, do mesmo xeito que foi unha norma estatal a que interrompeu a proceso. Tamén hai que ter en conta a sentenza favorable ás pretensións dun funcionario nesta cuestión. Votará a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Abstivéronse na Comisión e aquí tamén o farán. A sentenza so fala de dous anos e basease no silencio positivo do Concello. Pensa que os efectos non son extensibles, salvo que o Concello siga sin contestar. Hai unha vía de feito por parte do goberno. A práctica do silencio administrativo débese rexeitar en todos os ámbitos do Concello.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Pensa que non é unha tarefa das administracións o inxectar recursos en plans privados. Aínda así está contemplada na normativa. Máis que retribucións en diferido habería que garantir na actualidade o poder adquisitivo perdido polos funcionarios. Pero non vai ir en contra das aspiracións retributivas do persoal.

Sr. García Pazos: Houbo un silencio que beneficiou ao recorrente. Non se conseguiu naquel momento o informe da Intervención para poder fundamentar a oposición ao recurso.

Sr. García Moreira: O plan existía antes de 2011. Hai sentenza a favor e estase devolvendo un dereito aos traballadores. Outros concellos, coma o de Vigo, tamén fan achegas. O concepto da masa salarial é difuso, tendo en conta que xa estaba en funcionamento en 2011.

Sr. García Pazos: Habería que ver os informes de Vigo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 9; PSOE, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 8; PP e Nigrán Decide.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.5.- BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (CURSO 2016-2017)

A Comisión Informativa Especial de Contas, con data 25 de maio de 2016, informa favorablemente o expediente.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume a proposta, sinalando aos posibles beneficiarios. Propón á iniciativa dos grupos unha corrección no baremo de ingresos, que pasa a explicar. O importe da subvención é de 65 euros.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Hai unha primeira proposta sen informe da Intervención. Outra posterior foi informada hoxe pola Intervención. Non é prudente decidir así, cando o ROF di que os asuntos teñen que estar completos no momento da convocatoria. En adiante se se segue así, absteranse.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Propuxeron unha emenda sobre a necesidade de publicación na páxina web. No fondo pódense mellorar tamén. Así, na base 4.3 debe referirse á vivenda habitual. O ano pasado non se gastou nin de lonxe o orzamento. O seu voto será favorable.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A falta de informes é un problema que se debería resolver con antelación suficiente. Haberá que ver por que non se gasta a consignación. Votará a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non acaba de ver claro o da redución dos 300 euros. Outra cuestión, no informe da Intervención dise que se pide un certificado innecesario referido á incapacidade. Ao mellor deberíase ter en conta a discapacidade á hora de valorar.

Sr. Alcalde-Presidente: A finalidade e a proposta están moi clara. O ano pasado había menos consignación.

Sr. Interventor. Non tivo a documentación ata o día da Comisión. O informe non puido emitilo antes. Hai aspectos do informe como o exceso de documentación, como xa se indicou. No aspecto competencial, subsiste o reparo, xa que a Lei de Bases do Réxime Local so se refire

ao risco de exclusión social, noutros aspectos pode haber problemas de valoración. As cifras do cadro de ingresos non se sabe de onde saen. Ademais, no 2016 descoñécense os ingresos que se van producir, que é o que piden as bases. Poderíase tomar como referencia o 2015. Na presentación de solicitudes, no relativo á autorización para obter datos doutras administracións, non queda claro que pasa se non se autoriza. Non se regulan outros aspectos, por exemplo a comisión de valoración. A publicidade é obrigatoria na base de datos nacional e ten que ser en castelán.

Sr. Fernández Comesaña: Hai que adaptar os anexos.

Sr. García Pazos: Isto confirma a precipitación.

Sr. Interventor: Quedan pendentes aspectos que deberían evitarse no futuro.

Sr. Alcalde-Presidente: Somete á votación o asunto, coas correccións correspondentes, indicando que o voto a favor da proposta comporta o levantamento dos reparos que aínda subsisten.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello introduce modificacións na proposta ditaminada pola Comisión Informativa, e adopta o acordo nos seguintes termos, indicando a Presidencia que a decisión comporta tamén o levantamento dos novos reparos da Intervención (informe do 31-5-2016) aínda subsistentes:

Expte. 2016/001

Dende o Concello preténdese apoiar ás familias do termino municipal, considerando que unha das fórmulas para elo é contribuir para facilitar a adquisición dos libros de texto para os fillos matriculados nos cursos de ensino infantil nos centros públicos do municipio.

Xa que logo, vista a proposta dos Servizos Sociais municipais, de conformidade co previsto no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Pleno **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán na sesión ordinaria da Comisión Especial de Contas do 25 de maio de 2016.

SEGUNDO.- Aprobar as bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2016-2017), co texto que se insire a continuación:

“BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO (CURSO 2016-2017)

As presentes bases específicas, que rexerán a convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de axudas ou subvencións para a adquisición de libros de texto no curso escolar 2016-2017, estarán suxeitas á Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), á Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia (LSG), e ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei.

1. FUNDAMENTACIÓN NORMATIVA

O Concello de Nigrán, asumindo as competencias recoñecidas no artigo 25.2,e da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 80.2,k da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, de acordo cos artigos 4 e 8.3 da Lei 13/2008 del 3 de decembro de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, e coas determinacións da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, procede a ditar as bases necesarias para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto para o curso 2016-2017.

2. OBXECTO DAS AXUDAS

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de axudas ou subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos de educación infantil coa finalidade de adquirir libros de texto necesarios para o curso 2016-2017.

3. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias das axudas aquelas unidades familiares que estean empadroadas no concello de Nigrán, residan neste termo municipal de xeito efectivo, e teñan fillos matriculados en centros públicos do municipio que cursen educación infantil no curso 2016-2017.

En calquera caso estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade.

4. REQUISITOS

1. Para poder optar ás axudas é requisito indispensable que os ingresos económicos da unidade familiar se axusten ao seguinte baremo, tendo en conta os ingresos da unidade familiar no ano 2015,

Nº de membros da unidade familiar	Ingresos brutos anuais	Ingresos brutos medios mensuais
Familias de 2 membros	Ata 15.745 €	1.312 €/mes
Familias de 3 membros	Ata 18.894 €	1.574 €/mes
Familias de 4 membros	Ata 22.673 €	1.889 €/mes
Familias de 5 membros	Ata 27.207 €	2.267 €/mes
Familias de 6 membros	Ata 32.649 €	2.270 €/mes
Familias de 7 membros	Ata 39.179 €	2.265 €/mes
Familias de 8 membros	Ata 47.014 €	3.918 €/mes
Familias de 9 ou mais membros	Ata 56.417 €	4.701 €/mes

Aos efectos anteriores, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da

garda e protección do menor e os fillos solteiros do solicitante menores de 25 anos que conviven no domicilio familiar ata a data de aprobación das presentes bases.

2. A efectos do cómputo de ingresos teranse en conta os de calquera procedencia: salarios, pensións contributivas e non contributivas, prestacións, rendas, rendementos por actividades profesionais, industriais, agrarias, deportivas e artísticas, tanto no carácter fixo como eventual e outras.

3. . Dos ingresos brutos medios mensuais descontarase os gastos de alugueiro e hipoteca da vivenda habitual ata un máximo de 300 €/mes

4. Os solicitantes non poderán ter débedas contraídas co Concello.

5. Os solicitantes non poderán ser beneficiarios doutras axudas, subvencións ou ingresos que teñan a mesma finalidade.

5. GASTOS SUBVENCIONABLES E IMPORTE DAS AXUDAS

As axudas deberán adicarse á adquisición de libros de texto necesarios para os beneficiarios descritos no apartado correspondente. A contía da axuda será a do custo dos libros, cun importe máximo de 65 € por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2016-2017.

6. ORZAMENTO

A contía da convocatoria a realizar de conformidade coas presentes bases ascende a 5.000 euros, con cargo á partida 231.2269907 do Orzamento do ano 2016.

7. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. As solicitudes de axudas dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do rexistro xeral municipal ou por calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dende o día 4 ó 22 de xullo, ambos os dous inclusive.

3. Será imprescindible presentar a solicitude de subvención cuberta no modelo normalizado incluído como **Anexo I** das presentes bases


A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

4. Coa solicitude achegarase a documentación que se sinala:

- a) Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
- b) Fotocopia do libro de familia completo
- c) Fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade familiar referidos ao ano 2015, todas as nóminas, certificados de pensións, certificados do INEM, declaracións xuradas de ingresos, etc)
- d) No caso de separación ou divorcio , copia da sentenza ou convenio regulador
- e) Vida laboral dos maiores de 16 anos.
- f) De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual

8. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO

1. A tramitación destas axudas realizarase polos servizos sociais municipais, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no



prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva, coa advertencia de que, de non facelo, terásele por desistido da súa petición, logo da resolución oportuna.

2. As axudas adxudicaranse a aquelas unidades familiares que acrediten reunir os requisitos establecidos no apdo. 4º das presentes bases, cos límites de importe establecidos, ata o esgotamento da partida orzamentaria adicada a esta finalidade.

Se o número de solicitudes supera no seu importe total o da partida orzamentaria, darase prioridade ás solicitudes con menor nivel de renda. Os empates resolveranse a favor de quen primeiro presentase a solicitude.

9. PAGO DA AXUDA

1. O importe da axuda será o do custo dos libros, cun máximo de 65€ por cada neno matriculado en educación infantil nun centro público do municipio para o curso 2016-2017.

2. Con carácter xeral, o pago da axuda realizarase mediante a entrega ao beneficiario dun vale por importe de 65€ por cada alumno. O vale poderá canxearse por libros de texto en calquera das librerías participantes no programa ou nos centros escolares, no caso de que sexan estes os que subministren os libros aos alumnos.

3. As librerías que participen no programa deberán achegar ao Concello o conxunto dos vales recibidos, xuntando facturas correspondentes aos libros realmente adquiridos polos beneficiarios con cargo a cada un deses vales.

A tal efecto, as facturas que se acheguen cumpriran os requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, ou outros xustificantes ou documentos con valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa.

Igualmente, as facturas deberán estar desglosadas de xeito que podan identificarse os libros de texto adquiridos e os seus respectivos importes.

4. Cando os beneficiarios adquirisen os libros directamente nos centros escolares, os ditos centros presentarán os vales entregados polos beneficiarios, así como un xustificante debidamente asinado onde se recollerá a identificación do/a pai/nai/titor, o alumno/a, os importes e os conceptos debidamente desglosados.

5. A documentación xustificativa deberá presentarse nos dous meses posteriores á entrega dos vales aos beneficiarios, no rexistro xeral municipal ou a través de calquera outra das formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

10. REINTEGRO E REXIME SANCIONADOR

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos beneficiarios da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinala a un fin distinto para o que foi concedida, implicará o reintegro ao Concello das axudas aboadas.

11. VIXENCIA

As presentes bases estarán vixentes durante todo o ano 2016, quedando condicionadas pola existencia de consignación orzamentaria.

AXUDAS PARA COMPRA DE LIBROS DE TEXTO – CONCELLO DE NIGRÁN

CURSO 2016-2017
ANEXO I

DNI	Nome e apelidos	Teléfono

ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS				
Nome da rúa, praza, etc	Número	Piso	Porta	Código Postal

Parroquia	Municipio	Provincia	Correo electrónico

DIGO:

1. Que declaro baixo a miña responsabilidade que reúno os requisitos recollidos nas bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2016-2017).
2. Que teño a intención de solicitar a axuda mencionada para os seguintes alumnos:

ALUMNO/A N° 1

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante


Centro escolar para o curso 2016-2017	Curso académico

ALUMNO/A N° 2

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante

Centro escolar para o curso 2016-2017	Curso académico

ALUMNO/A N° 3



Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante

Centro escolar para o curso 2016-2017	Curso académico

ALUMNO/A N° 4

Nome e apelidos	Data de nacemento	Relación co solicitante

Centro escolar para o curso 2016-2017	Curso académico

3. Que, de conformidade coas bases mencionadas, declaro que a composición da unidade familiar é a seguinte:

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR DE CONVIVENCIA / INGRESOS (Non incluír aos nenos/as para os/as que se solicita axuda)				
Nome e apelidos	Data nacemento	Parentesco co solicitante	Concepto ingresos (traballo, pensión, RISGA, desemprego...)	Sinatura

4. Que para que se poda tramitar a solicitude de axudas, achego a seguinte documentación:
Fotocopia do documento nacional de identidade do solicitante e cónxuxe ou parella
Fotocopia do libro de familia completo
Fotocopia dos xustificantes de ingresos da unidade familiar referidos ao ano 2015, todas as nóminas, certificados de pensións, certificados do INEM, declaracións xuradas de ingresos, etc)
No caso de separación ou divorcio, copia da sentenza ou convenio regulador
Vida laboral dos maiores de 16 anos.
De ser o caso, recibo e contrato de aluguer, ou recibo da hipoteca da vivenda habitual

5. Que autorizo ao Concello de Nigrán a obter doutras Administracións e organismos públicos e privados a información necesaria para tramitar e resolver as solicitudes, incluída a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Visto canto antecede,

SOLICITO que se me conceda a axuda para compra de libros de texto (curso 2016-2017) para os alumnos indicados no apartado correspondente.

Nigrán, _____ de _____ de 2016

Sinatura _____”

TERCEIRO.- Unha vez aprobado polo Concello Pleno o expediente das bases específicas da convocatoria para a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto (curso 2016 - 2017), será exposto ao público no portal de transparencia na páxina web do Concello.

CUARTO.- Proseguir o procedemento correspondente de conformidade co previsto nas disposicións aplicables, encomendándose á Alcaldía-Presidencia a realización das actuacións necesarias para levar a efecto o acordado.

QUINTO.- Advertir que contra o presente acordo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente, recurso que se entenderá desestimado polo transcurso dun mes sen ditarse e notificarse resolución expresa e sen que tal interposición suspenda o acto ordenado; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte ó da recepción da presente notificación; todo o anterior sen prexuízo de calquera outro recurso que estime procedente interpoñer e sexa conforme a dereito.

II.6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE FOMENTO DOS DESPRAZAMENTOS SOSTIBLES

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 26 de maio de 2016, acordou ditaminar favorablemente a moción do grupo municipal do BNG sobre este asunto.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Recorda os antecedentes e resume a proposta dirixida á elaboración dun plan de mobilidade no traballo. O Concello ten moitos empregados que usan maioritariamente o vehículo privado. Trátase de incentivar os desprazamentos sostibles, tanto en transporte público, coma en bicicleta ou a pé. Non é unha novidade, xa hai experiencias semellantes. Tamén se pretende dispor dun inventario de vehículos do Concello, fomentar no verán servizos en bicicleta por parte dos axentes da Policía Local ou tender a usar vehículos eléctricos nos servizos municipais nos que as súas características o permitan.

Dª. Liliانا Silva Pequeño, do grupo Popular: Están de acordo coa moción. Debería poñerse unha data límite, senón non se fará.

D. Anxo Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Propón que os tres primeiros puntos se

leven a cabo canto antes. O da Policía este verán, ou senón no 2017.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: De acordo coa proposta que desenvolve unha iniciativa xeral anterior. Apoiarán a moción.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: A idea sería incluír no plan de mobilidade que vai a realizar o Concello un específico de mobilidade no traballo.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello, modificando o apartado 1 da parte dispositiva da proposta ditaminada pola Comisión Informativa, acorda o seguinte:

"O Pleno do Concello de Nigrán, na sesión ordinaria celebrada o día 31 de marzo de 2016 adoptou o acordo "PROPOSTA SOBRE CIDADES LIBRES DE C02", no que na súa exposición de motivos di:

Os municipios temos a oportunidade de actuar dende o local converténdose no soporte básico sobre o que se sustenten as necesarias medidas de freo contra o "calentamento global". Unha actuación conxunta das entidades locais pode orixinar un gran descenso das emisións causantes do cambio climático. O tempo de actuación para previr as peores consecuencias agótase, polo que é imprescindible que tomemos medidas urxentes que non só conseguirán evitar os peores efectos do cambio climático, senón que redundarán nun incremento da calidade de vida dos nosos cidadáns.

Dentro do punto primeiro acordouse desenvolver e aprobar unha Estratexia de loita contra o Cambio Climático, que inclúa un plan de aforro e eficiencia enerxética e un plan de mobilidade sostible.

Dentro das competencias municipais está a de realizar un plan de mobilidade no traballo, no que entre outras medidas se impulse o uso de medios de transporte non contaminantes.

O Concello de Nigrán é un lugar cunha elevada concentración de emprego e, por tanto, con un significativo volume de desprazamentos recorrentes que xera un gran impacto socioambiental no centro da vila.

O coche é un medio de transporte cun elevado consumo de enerxía que o sitúa como o medio de transporte máis ineficiente que causa un impacto na sociedade coa emisión de gases de efecto invernadoiro e a correspondente contaminación atmosférica e acústica, ademais provoca conxestión circulatoria e ocupación de espazos de aparcamento no entorno do Concello.

A maioría dos traballadores do Concello de Nigrán accede ao seu traballo en

vehículo privado. É necesario cambiar a tendencia e transvasar cara modos ambientais máis benignos.

En canto aos medios non motorizados a bicicleta é un medio de transporte adecuado ata o radio de acción dos 7 km, o que permite cubrir un bo número de desprazamentos dende o domicilio ao traballo.

Entre os medios para incentivar o uso da bicicleta estaría o de habilitar aparcamentos seguros no interior do centro de traballo, así como duchas e vestiarios para que se cambien os traballadores. Estes estarán máis dispostos a desprazarse coa súa bicicleta se saben que teñen un lugar seguro e cuberto para aparcar (o roubo é un dos principais detractores do uso da bici). O espazo máis seguro é dentro do recinto do centro de traballo en lugar visible. Na praza dun coche caben ata 10 bicicletas.

Estes mesmos espazos para ducharse e cambiarse de roupa poderían ser utilizados tamén polos traballadores que opten polo desprazamento a pé.

ACORDOS:

Primeiro: Incluir no Plan de mobilidade que vai realizar o Concello de Nigrán un específico plan de mobilidade no traballo que, entre outras medidas, impulse o uso do transporte público, a bicicleta e o desprazamento a pé como medios para acudir a traballar, establecendo medidas para incentivalo como poden ser as de tipo económico, de flexibilidade horaria, etc.

Segundo: Realizar unha auditoría do número de vehículos existentes na flota do Concello de Nigrán así como do seu estado.

Terceiro: Recuperar durante a tempada estival o servizo de vixilancia policial en bicicleta.

Cuarto: Substituír os vehículos municipais que máis quilómetros fan ao ano, e sempre que as características do servizo o permitan, por modelos eléctricos libres de ruidos e que non provocan ningún efecto negativo na saúde dos cidadáns ao non emitir ningún dos gases que afectan á calidade do aire urbano -óxidos de nitróxeno (Nox), hidrocarburos (HC) ou monóxido de carbono (CO), partículas e outros."

II.7.- CONVOCATORIA II PLAN DE BECAS MUNICIPAIS DE NIGRÁN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 26 de maio de 2016, acordou ditaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación de crise que estamos a vivir e que afecta tan directamente ao traballo, xerando uns índices de desemprego completamente inasumibles para o noso tecido social, é obxecto de especial atención por parte dos concellos e, dentro deles, por aquelas áreas e/ou departamentos con competencias nos ámbitos de desenvolvemento local, formación, emprego por conta allea e/ou propia...

Neste marco, podemos sinalar que os recortes económicos que teñen sufrido as políticas activas de emprego (PAE), supoñen que dende esta administración local se estea a realizar un esforzo paralelo para aplicar medidas de mellora da empregabilidade enmarcadas dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo.

Atopándonos neste contexto, este goberno considera necesario continuar coa aplicación de medidas que favorezan o acceso á formación e ao emprego para todos os/as nosos/as veciños, mediante a convocatoria do 11 Plan de Becas Municipal do concello de Nigrán, do ano 2016.

Mediante este proxecto trátase de facilitar a adaptación dos/as desempregados/as ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación antes de incorporarse a un posto de traballo ordinario. Este goberno entende que a estrutura departamental do concello permitirá a varios/as becarios/as de distintas ramas administrativas e/ou técnicas, mellorar de xeito cuantitativo e cualitativo o seu perfil profesional, mediante a titorización por parte de persoal propio municipal das diferentes áreas de acción municipal, acadando así os/as beneficiarios/as unha importante vantaxe competitiva á hora de optar ás distintas ofertas laborais existentes tanto na administración pública como na empresa privada.

Estas bases teñen por obxecto a convocatoria do II Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán (PBM) orientado a que as persoas participantes adquiran cualidades valoradas polo entorno empresarial mellorando tanto as súas habilidades profesionais como personais, necesarias para desenvolver a súa carreira profesional en contextos como o actual, altamente competitivos e dotando aos beneficiarios/as das competencias e aptitudes necesaria para facilitar e mellorar a súa inserción no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desenvolvemento profesional nas distintas organizacións empresariais existentes.

Para a posta en marcha deste programa, con data 05/05/16 mediante providencia de Alcaldía, ordeouse á AEDL, como responsable administrativa do expediente a elaboración, sobre o modelo preexistente da primeira convocatoria deste mesmo plan, das bases do II Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán, nomeando tamén nesta mesma data ás persoas designadas coma titores/as dos/as futuros/as becarios/as.

O borrador de bases foi analizado e aprobado de xeito previo para ser remitido á fiscalización por parte do Interventor Municipal que emitíu ao respecto con data 12/05/16 informe de reparos (Rfª T 54/16) que, a súa vez foi analizado mediante documento asinado por esta Alcaldía con data 20/05/16.

Partindo destes antecedentes, analizada a totalidade da documentación mencionada e, elaborada xa a proposta final de bases de convocatoria, asinada con data 20/05/16, esta Alcaldía formula a seguinte: PROPOSTA:

1. Resolver, ao abeiro do establecido no artigo 217.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, os reparos contidos no informe elaborado polo Interventor Municipal (Rfª . - T 54/16), do día 12/05/16.
2. Aprobar as bases de convocatoria do II Plan de Becas Municipal do Concello de Nigrán,

segundo documento asinado o 20/05/16 pola Alcaldía – Presidencia.

3. Continuar co procedemento establecido en ditas bases e na lexislación concordante de aplicación, para levar dito expediente a correspondente aprobación plenaria.”

BASES DE CONVOCATORIA II PLAN BECAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE NIGRÁN ANTECEDENTES

A situación de crise que estamos a vivir e que afecta tan directamente ao traballo, xerando uns índices de desemprego completamente inasumibles para o noso tecido social, é obxecto de especial atención por parte dos concellos e, dentro deles, por aquelas áreas e/ou departamentos que traballan nos ámbitos do desenvolvemento local, formación, emprego por conta allea e/ou propia...

Neste marco, podemos sinalar que os recortes económicos que teñen sufrido as políticas activas de emprego (PAE), supoñen que dende esta administración local se estea a realizar un esforzo paralelo para aplicar medidas de mellora da empregabilidade enmarcadas dentro da Estratexia Europea de Emprego acordada polo Consello Europeo Extraordinario de Luxemburgo.

Mediante este proxecto trátase de facilitar a adaptación dos/as desempregados/as ao mercado laboral ampliando a súa experiencia e formación antes de incorporarse a un posto de traballo ordinario. Esta corporación entende que a estrutura departamental do concello permitirá a varios/as becarios/as de distintas ramas administrativas e/ou técnicas, mellorar de xeito cuantitativo e cualitativo o seu perfil profesional, mediante a titorización por parte de persoal propio municipal das diferentes áreas de acción municipal, acadando así os/as beneficiarios/as unha importante vantaxe competitiva á hora de optar ás distintas ofertas laborais existentes tanto na administración pública como na empresa privada.

Con respecto á competencia municipal para levar a cabo esta e outras actividades similares, a Lei 5/2014 de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 7/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, establece no seu artigo 3.3.a) recolle que non se considerarán novas competencias “a continuidade da prestación de servizos xa establecidos” tal e como acontece neste caso, posto que este concello xa ten acollido anteriormente becarios/as a través de programas de distintas administracións públicas (Patronato de Turismo Rías Baixas, Departamento de Recursos Humanos e Formación da Deputación de Pontevedra...) e esta é a segunda edición do plan de becas municipal deste concello, incluído na Liña Estratéxica nº 5 do Plan estratéxico de subvencións municipal, aprobado no Pleno do 31/03/16.

Se poñemos en relación esta norma coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, lembraremos que no seu artigo 80.1 que: "O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todo os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.", concretando a continuación no apartado 80.2.p) que: "O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma nas seguintes materias... p) a participación na formación de activos e desempregados".

Completando esta fundamentación, non podemos esquecer todo o que ao respecto das PAE establecen as distintas normas autonómicas, estatais e/ou europeas que inciden especialmente na absoluta importancia do seu enfoque local. Así, as recomendación da UE en materia de emprego dirixense a que os Estados membros deben descentralizar a xestión das PAE, de forma que estas se acheguen e adecúen ás necesidades concretas de cada territorio e á realidade do mercado de traballo local, co fin de lograr unha estratexia de acción común. Estas directrices fan especial fíncape na importancia da creación de postos de traballo no ámbito local desde a perspectiva de que existen viveiros de emprego susceptibles de xeraren novas oportunidades, sendo no ámbito local onde se atopan as maiores posibilidades de detección e aproveitamento en beneficio do crecemento. Implantar na realidade estas políticas europeas, implica a absoluta necesidade de poñer en marcha iniciativas como a que este informe está a xustificar.

Partindo destas premisas iniciais, o Concello de Nigrán, consciente da situación laboral que está a vivir boa parte da sociedade, ten posta en práctica distintos mecanismos para contribuir a mellorar a devandita insertabilidade dos/as seus/súas veciños/as, sendo a convocatoria destas becas un paso máis neste

mesmo senso.

Vistos estes antecedentes, e polo que se ditan as seguintes

CLÁUSULAS

1. OBXECTO DESTA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto a convocatoria do Segundo Plan de Becas Municipais do Concello de Nigrán (PBM) orientado a que as persoas participantes adquiran cualidades valoradas polo entorno empresarial mellorando tanto as súas habilidades profesionais como personais, necesarias para desenvolver a súa carreira profesional en contextos como o actual, altamente competitivos e dotando aos beneficiarios/as das competencias e aptitudes necesaria para facilitar e mellorar a súa inserción no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desenvolvemento profesional nas distintas organizacións empresariais existentes.

2. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

- Estar en posesión das titulacións e perfil específico que se establezan para cada unha das becas finalmente convocadas nos distintos Anexos que acompañan a esta convocatoria.
- Ter rematadas ditas titulacións no ano 2013 ou con posterioridade a esa data.
- Acreditar o coñecemento da lingua galega, nivel Celga III.
- Non estar incapacitado fisicamente nin padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da beca.
- Estar desempregadas inscritas na oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia, cunha antigüidade mínima de 6 meses á data de inscrición.
- Constar empadroadas neste concello, con antigüidade de seis meses, en relación coa data desta convocatoria.
- Non ter experiencia laboral previa na profesión ou área de coñecementos, entendendo por tal non ter estado/a contratado/a polos grupos de cotización correspondentes aos niveis formativos da titulación esixida ou non ter estado/a de alta como autónomo/a, en actividades relacionadas co obxecto da beca, nen gozar con anterioridade doutra beca de calquera organismo público e/u privado para formarse na súa rama profesional e para a mesma titulación.
- Estar dispostas a asumir os gastos de desprazamento ao centro de formación de destino.
- Non estar incursas nalgunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. NATUREZA XURÍDICA DO PBM.

Este programa de formación e capacitación profesional, incluído na Liña Estratéxica nº 5 do Plan estratéxico de subvencións aprobado no Pleno do 31/03/16 e financiado con cargo a fondos municipais, está directamente vinculado á previa realización e finalización de ciclos medios e/ou superiores de FP que se convocan en cada oferta, e ten un carácter práctico fundamental, ao consistir esencialmente na realización de prácticas formativas en distintos departamentos municipais de forma titorizada.

A obtención das becas incluídas no PBM xera o dereito a percibir a asignación económica coa que están dotadas, sen que en ningún caso a realización do programa de formación de lugar á existencia de relación laboral de ningún tipo entre o/a becario/a e o concello, polo que, ao seu remate, o participante non xera dereito a ningún tipo de indemnización.

Nestas becas de formación para a inserción laboral, cumprírase a normativa de aplicación, como a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social e o Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

4. ESTATUS XURÍDICO DOS/AS BECARIOS/AS.

O estatus xurídico das persoas ás que se adxudiquen estas becas será de becarios/as do Concello de Nigrán. Durante o seu período de formación, quedarán suxeitos/as ás normas desta administración local,

sen que en ningún caso iso comporte a existencia de relación laboral de ningún tipo entre esta entidade e o/a becario/a, posto que a relación que nace da concesión da beca é de natureza extra laboral.

As becas serán concedidas por este concello en interese do/a propio/a beneficiario/a, tendo a dotación económica das mesmas a natureza de axudas a súa formación ou gratificación, e non de remuneración ou salario.

Durante o período de formación, os/as becarios/as deberán atender as orientacións que lles formulen os/as tutores/as designados/as polo concello, no exercicio da súa acción formativa. Os/as tutores/as avaliarán a actitude e aptitude dos/as becarios/as respecto da formación práctica que se leve a cabo. A labor formativa desenvolvida polo concello a favor dos/as becarios/as non suporá a existencia dun vínculo laboral entre ambas partes.

As actividades dos/as becarios/as serán formativas e de carácter práctico, sen que en ningún suposto ostenten a condición de responsables, ni tan sequera de facto, da execución de calquera tipo de actividade. Os/as becarios/as deberán estar supervisados/as e controlados/as polo/a tutor/a que se lles designe, que será quen adopte calquera decisión que se considere necesaria e vele porque os/as becarios/as aproveiten con éxito o proceso de formación.

Os/as becarios/as, atendidas as características deste plan, serán incluídos/as, por asimilación, no Réxime Xeral da Seguridade Social en función do previsto no Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, accedendo á acción protectora da Seguridade Social do Réxime Xeral da Seguridade Social, coa única exclusión da protección por desemprego, FGS e FP.

5. DURACIÓN.

As becas de formación terán unha duración de 6 meses, prorrogables por outros seis, en función do aproveitamento demostrado durante o primeiro período formativo, e á proposta do/a tutor/a correspondente co visto e prace do Alcalde, unha vez analizada a memoria obrigatoria por parte de cada un dos/as beneficiarios/as.

A data de inicio deste programa será fixado polo concello en atención ás circunstancias e dispoñibilidade desta entidade en relación coa implantación do programa formativo e será comunicada aos/as becarios/as con antelación suficiente ao momento de inicio.

6. DOTACIÓN ECONÓMICA.

A dotación económica das becas, determinada polo nivel de titulación, será de 800,00 euros brutos/mes para calquera nivel de ciclos de formación profesional, que se imputarán ás aplicacións orzamentarias correspondentes: 241/48100, aplicación: Becas fomento de emprego.

O pagamento das becas realizarase a partir da data de incorporación da persoa beneficiaria, por mensualidades completas ou a parte proporcional. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza.

Como xa se sinalou, a consideración de becario/a non xerará, ao remate da mesma, dereito a ningún tipo de indemnización económica.

7. DEREITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DO PBM.

Os/as participantes neste programa terán os seguintes dereitos:

1. Desfrutar dun período máximo de 6 meses, prorrogables por outros 6, de formación práctica nalgún dos departamentos municipais determinado en correlación coa formación previa do/a beneficiario.
2. Pofier en práctica os coñecementos adquiridos durante a carreira profesional mediante a realización de prácticas formativas nun entorno de traballo real.
3. Desenvolver as habilidades e competencias profesionais e persoais acordes ao seu perfil.
4. Tomar contacto coa realidade laboral e desenvolver a súa capacidade de adaptación e integración na dinámica cotiá da entidade.
5. Acceder ao Réxime Xeral da Seguridade Social a á súa acción protectora, segundo o establecido no real decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

6. Ser titorizado/a por algún/s profesional municipal directamente relacionado/a coa área de formación e tarefas a desenvolver por parte do/a beneficiario/a.
7. Percibir unha dotación polo período formativo integrada por:
 - Para as persoas beneficiarias coa titulación de Ciclo Medio de Xestión Administrativa, unha asignación de 800,00 euros brutos por cada mes (xornada completa), e para as persoas beneficiarias coa titulación de Ciclo Superior en Administración e Finanzas, unha asignación de 900,00 euros brutos por cada mes (xornada completa) en que desenvolvan de forma eficaz e efectiva a formación práctica en que consista a beca, ou a cantidade económica proporcional que corresponda en función da data de incorporación e finalización da mesma. Sobre esta contía, o concello practicará as retencións que resulten esixibles, no seu caso, de acordo coa normativa aplicable incluída a cantidade que en concepto de aportación pola beca deba aboarse á Seguridade Social.
8. Desfrutar dun permiso de formación a domicilio de 11 días hábiles por cada período de formación de 6 meses, que, para únicos os efectos de control administrativo, solicitaranse de conformidade co establecido na normativa municipal para o desfrute das vacacións dos empregados/as públicos/as.

8. OBRIGAS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS DO PBM.

As obrigas que terán que asumir os/as beneficiarios/as destas becas son as seguintes:

1. Incorporarse ao concello no departamento e na data sinalada.
2. Respetar, en todo momento, a normativa do concello, seguindo as instrucións que lle sexan dadas polo mesmo e cumprir o programa formativo.
3. Cumprimentar e remitir ao concello, dentro do prazo que se lles traslade, a documentación que se esixa ao adxudicárselles as becas.
4. Observar durante todo o período da beca a actitude e o interese necesarios para un bo aproveitamento da formación.
5. Atender ás orientacións que reciban dos/as titores no exercicio da súa acción formativa, integrándose na dinámica do departamento ao que sexan asignados/as.
6. Respetar en todo momento o Plan de Prevención de Riscos do concello, do que serán debidamente informados polo mesmo.
7. Cumprir as normas establecidas polo concello en todo o relativo ao desenvolvemento profesional tales como horario, asistencia, puntualidade, realización das tarefas encargadas, etc., debendo observar rigorosamente en todos os seus aspectos o plan de formación concretado polo/a titor/a que lle sexa asignado/a.
8. Asistir e participar de xeito activo nas reunións de tutoría que poidan organizarse, no seu caso.
9. Comunicar de inmediato ao/á seu/súa titor/a calquera incidencia que afecte ao normal desenvolvemento do período formativo.
10. Asistir e participar activamente nas distintas actividades que o concello poña en marcha dentro deste programa (formativas, divulgativas, organizativas...), para garantir o seu correcto desenvolvemento.
11. Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre canta información poida chegar a coñecer en relación co desenvolvemento da súa beca. Este compromiso será válido, non só durante a beca, senon tamén unha vez finalizada ésta.
12. Elaborar unha memoria á finalización do primeiro período formativo de 6 meses (documento que será analizado polo/a titor/a e base da súa proposta de prórroga ou non da beca) e, no seu caso, unha memoria final sobre os contidos formativos teórico/prácticos adquiridos ao longo do proceso.
13. Comunicar de forma oficial e fidedigna, en caso de enfermidade ou accidente, a súa situación a este concello, presentando o oportuno parte médico xustificativo.
14. Os dereitos de propiedade intelectual ou industrial rexistrados que, no seu caso, se puideran derivar da aplicación da acción formativa recibida polos/as becarios/as, pertencerán ao concello, sen perxuízo de que, previa autorización escrita deste, poidan ser empregados polo/a becario/a.
15. Rexeitar, pola incompatibilidade xa recollida no apartado 6 destas bases, a calquera outra actividade remunerada durante o desfrute da beca.

9. ANULACIÓN E/OU REVOGACIÓN DA BECA.

O Concello de Nigrán poderá resolver de forma unilateral a beca suspendendo o aboamento da mesma, no suposto de que se advirta unha falta de actitude e/ou aptitude esixible ao/á beneficiario/a da mesma, mediante escrito debidamente motivado notificado ao/á beneficiario/a de forma oficial.

O/a beneficiario/a poderá renunciar de forma voluntaria á beca, mediante escrito dirixido ao concello e notificado de forma oficial.

As vacantes producidas por estes ou outros motivos, poderán cubrirse sempre que, a xuízo motivado e escrito do/a titor/a, o período de tempo restante para a finalización da beca permita un aproveitamento formativo axeitado ao/á beneficiario/a.

De concorrer algunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, corresponderá o reintegro total cando o/a beneficiario/a incumpra total e absolutamente as condicións impostas para a concesión e a execución desta beca.

10. INCIDENCIAS NO DESENVOLVEMENTO DO PBM.

Calquera incidencia xurdida no desenvolvemento deste programa será resolta por parte do concello, sen posibilidade de recurso.

11. FINALIZACIÓN DA BECA.

Ao remate da beca, o concello expedirá unha certificación, segundo o establecido no artigo 1.2.do Real Decreto 1493/2011, de 24 de outubro, polo que se regulan os termos e as condicións de inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación, no que se fará constar, de conformidade coa valoración efectuada polo/a titor/a designado/a, o grao de aproveitamento formativo obtido polo/a beneficiario/a.

12. BECAS CONVOCADAS.

1. Catro (4) becas de ciclo medio de xestión administrativa para ás áreas de Rexistro/Arquivo (1), Persoal/Desenvolvemento Local (1), Urbanismo/Servizos Urbanos (1) e Centro Antena (1). (ANEXO I – páxinas da 8 á 13).
2. Dúas (2) becas de ciclo superior de administración e finanzas para as áreas de Intervención (1) e Recadación (1). (ANEXO II – páxinas da 14 á 19).

Nigrán, 20 de maio de 2016
O ALCALDE - PRESIDENTE

Asdo.: Juan Antonio González Pérez

ANEXO I CONVOCATORIA CATRO (4) BECAS CICLO MEDIO EN XESTIÓN ADMINISTRATIVA BASES DE ACCESO ÁS BECAS MAIO 2016

A) CARACTERÍSTICAS DAS BECAS CONVOCADAS:

- Número e definición das becas: Número e definición dos postos: catro (4) becas para ciclo medio en xestión administrativa para os departamentos de Rexistro/arquivo (1), Persoal/Desenvolvemento Local (1), Urbanismo/Servizos Urbanos (1), Centro Antena (1).
- Tipo de xornada: completa, de luns a venres, en horario de mañá e/ou tarde, en función do departamento de destino.
- Condicións económicas: 800,00 euros brutos ao mes.
- Tipo de relación xurídica: beneficiario/a dunha beca de formación do Concello de Nigrán.
- Tipo de sistema de acceso á beca: proba teórico/práctica e baremación curricular, partindo dos requisitos mínimos establecidos na norma reguladora desta liña de becas.

B) REQUISITOS MÍNIMOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA:

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e

non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os requisitos recollidos na Cláusula 2 das Bases Xerais de convocatoria, asinadas polo Alcalde- Presidente.

C) SISTEMA DE ACCESO Á BECA: estará composto por dúas partes:

- Proba práctica escrita, eliminatoria e puntuable: mínimo 3 puntos, máximo 6,00 puntos.
- Proba práctica oral – Entrevista curricular persoal, non eliminatoria e puntuable: máximo 1,00 puntos.
- Valoración CV, non eliminatorio e puntuable: máximo 3 puntos.

D) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte neste proceso de acceso á beca deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente xunto co resto da documentación mínima recollida nesta convocatoria. O modelo de instancia específico, estará a disposición de todos/as os/as candidatos/as no Rexistro Municipal, no Departamento de Desenvolvemento Local, no Centro Antena e na páxina web municipal.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Co fin de axilizar o proceso, os/as aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello, deberán comunicalo por telegrama, fax (986 383 931), ou outro medio no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo establecido nestas bases.

Os/as aspirantes que precisen adaptacións de medios e/ou tempo para a realización das probas de acceso á beca, presentarán escrito, xunto á solicitude de participación, no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como o certificado médico xustificativo da adaptación solicitada. A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación destas bases no BOP.

E) ADMISIÓN DE PARTICIPANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

As persoas excluídas ou omitidas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas e aprobando a lista definitiva, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

No caso de non existiren aspirantes excluídos poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso de acceso á beca.

Posteriormente, unha vez finalizado este prazo, mediante resolución da Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, e convocarase aos/as aspirantes admitidos/as mediante a publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

F) É IMPRESCINDIBLE PRESENTAR:

- Modelo oficial de instancia/declaración xurada asinado e datado: orixinal.
- DNI: copia compulsada.
- Título oficial requirido como requisito mínimo (Ciclo Medio de Xestión Administrativa): copia compulsada.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (nivel mínimo CeIga III): copia compulsada.

- Certificados / diplomas dos cursos públicos realizados e relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.
- Carnets profesionais relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.
- Certificado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego: orixinal/copia compulsada.
- Vida laboral actualizada: orixinal/copia compulsada.
- CV actualizado: orixinal.
- En xeral, calquera outra documentación que os/as interesados/as consideren de relevancia neste proceso de acceso á beca.

No caso de ser seleccionado/a o/a becario/a deberá presentar nos primeiros 15 días de incorporación á beca, un Certificado Médico Oficial que acredite que non padece ningunha enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións propias do beca. A falta de tal documento considerárase como causa de posible rescisión da beca.

No caso de ser seleccionado/a, o/a becario/a deberá manter as condicións que permitiron o seu acceso ao PBM. A variación destas condicións poderá dar lugar a anulación da súa selección, pasándose á seguinte persoa da listaxe en orde de puntuación.

G) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ACCESO Á BECA.

G.1. Proba práctica eliminatoria e puntuable: mínimo: 3,00 puntos; máximo 6,00 puntos.

O Tribunal establecerá un conxunto de probas nas que se valorará, ademais dos coñecementos propios da titulación requirida, o manexo de equipos informáticos e Internet, o dominio do idioma galego, a capacidade de redacción, os coñecementos sobre Nigrán, e demais aspectos técnicos necesarios para realizar as tarefas propias da beca.

Consistirá en demostrar o correcto manexo do programa Open Office Writer (tratamento de textos) e Open Office Calc (folla de cálculo) durante un período máximo de 60 minutos na execución dun/s exercicio/s establecido/s polo Tribunal. Ademais do coñecemento da/s aplicación/s, terase en conta a rapidez e a perfección na realización do/s mesmo/s.

Será necesario obter 3 puntos para pasar á seguinte fase de selección. Os/as aspirantes que non superasen esa puntuación quedarán eliminados do proceso.

G.2. Proba oral / Entrevista curricular persoal puntuable non eliminatoria: máximo 1,00 punto.

O Tribunal dirixirá aos/as aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade do/a candidato/a á beca.

G.3. Baremación de CV, puntuable non eliminatoria: máximo 3,00 puntos.

a) Formación regulada de carácter superior á esixida para optar á beca a que se presente o/a candidato/a e relacionada co contido da mesma: máximo 2,00 puntos.


- licenciatura e/ou superior: 2,00 puntos.
- diplomatura: 1,50 puntos.
- FP grao superior: 1,00 puntos.

b) Formación complementaria impartida por entidades públicas relacionada co contido da beca: máximo 1,00 puntos.

- cada curso de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- cada curso de 21 a 40 horas: 0,15 puntos.
- cada curso de máis de 40 horas: 0,20 puntos.

Unha vez rematado o proceso de acceso á beca e, en aplicación da Lei orgánica 3/2007, de 23 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en caso de empate en puntos entre un home e unha muller, primarase a presenza de mulleres en sectores nos que se atopan infrarrepresentadas. Se o empate se produciuse entre dúas persoas do mesmo sexo, ou sendo de sexos distintos non houberse lugar á aplicar a devandita lei orgánica e non existise ningún criterio técnico para proceder ao desempate, primarase a presentación oficial da solicitude de participación por Rexistro de Entrada.

Tras este proceso de selección, as posible suplencias, quedarán establecidas por orde de puntuación segundo recolla a acta de selección.



H) NOMEAMENTO DO TRIBUNAL:

A composición do órgano de selección é predominantemente técnica. Todos as persoas que o integran contan cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á beca. Non forma parte o persoal de elección ou designación política e o persoal eventual.

Presidenta: dona María Carmen Iglesias Rial, coma titular; dona Ángeles Iglesias Rial, coma suplente.

Vogais titulares:

dona María Jesús Beiro Sanromán,
don Raimundo Fernández Figueroa.

Vogais suplentes:

dona Cristina Aballe Román,
dona Soledad Herminia Hermida Sanromán.

Secretaria (con voz sen voto): dona María Xesús Seoane Lema, coma titular; dona Paula María Cubeiro Bouza, coma suplente.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas correspondentes que xulgue oportuno, limitándose os/as asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto

I) LISTA RESERVA.

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para incorporarse á beca, e superaran todos os exercicios, elaborárase unha lista de reserva.

A lista de reserva elaborárase por orde de puntuación, e cando sexa necesario procederáase aos correspondentes chamamentos, ofertándose ao primeiro da lista, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. No caso de non contestar ao chamamento nas 48 horas seguintes á notificación oficial por escrito, procederáase a chamar ao seguinte da lista.

J) INCIDENCIAS

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do proceso.

K) RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa- Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Nigrán, 20 de maio de 2016
O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo.: Juan Antonio González Pérez

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO CATRO (4) BECAS MUNICIPAIS CONCELLO DE NIGRÁN TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN ADMINISTRATIVA

DON/A: _____

DNI: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____

ANTE A CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA 4 PRAZAS DE BECARIOS/AS CUNHA DURACIÓN DE 6 MESES A XORNADA COMPLETA, DE LUNS A VENRES, NO HORARIO HABITUAL DESTA ADMINISTRACIÓN, POLO PRESENTE ESCRITO

DECLARO:

1. QUE COÑEZO E ACEPTO ÍNTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DE CONVOCATORIA DESTAS PRAZAS, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN.
2. QUE NON ESTOU INCAPACITADO/A FÍSICAMENTE NIN PADEZO ENFERMIDADE NIN DEFECTO FÍSICO E/OU PSÍQUICO QUE POIDA IMPEDIR O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE OBXECTO DA BOLSA.
3. QUE NON TEÑO EXPERIENCIA LABORAL PREVIA NA PROFESIÓN OU ÁREA DE COÑECEMENTOS, ENTENDENDO POR TAL NON TER ESTADO/A CONTRATADO/A POLOS GRUPOS DE COTIZACIÓN CORRESPONDENTES AOS NIVEIS FORMATIVOS DA TITULACIÓN ESIXIDA OU NON TER ESTADO/A DE ALTA COMO AUTÓNOMO/A, EN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTO DA BOLSA.
4. QUE NON ESTOU RECIBINDO NINGÚN TIPO DE RETRIBUCIÓN DERIVADA DA REALIZACIÓN DE TRABALLO, TANTO POR CONTA ALLEA COMO POR CONTA PROPIA, ASÍ COMO CO COBRO DAS DISTINTAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO E/OU DE CALQUERA OUTRA TIPO DE BECAS DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS E QUE, NO CASO DE SER SELECCIONADO/A RENUNCIAREI A CALQUERA OUTRO TIPO DE RETRIBUCIÓN.
5. QUE NON PARTICIPEI CON ANTERIORIDADE NOUTRA BECA DE CALQUERA ORGANISMO PÚBLICO E/U PRIVADO PARA FORMARSE NA SÚA RAMA PROFESIONAL.
6. QUE ESTOU DISPOSTO/A A ASUMIR OS GASTOS DE DESPRAZAMENTO AO CENTRO DE TRABALLO DE DESTINO.
7. QUE NON ESTOU INCURSO/A NALGUNHA DAS PROHIBICIÓNS SINALADAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCÍONS.
8. QUE ME FAGO RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NO CV E RESTO DA DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO.
9. QUE NESTE MOMENTO PRESENTO A TOTALIDADE DOS DOCUMENTOS ESIXIDOS NAS DEVANDITAS BASES.
10. QUE SON COÑECEDOR/A DE QUE ESTOU CONVOCADO/A DE FORMA OFICIAL E AUTOMÁTICA ÁS PROBAS DE SELECCIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA, SEN QUE O CONCELLO TEÑA QUE REALIZAR NINGÚN NOVO CHAMAMENTO.
11. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE NIGRÁN CALQUERA MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.
12. QUE, NO CASO DE SER SELECCIONADO/A, PRESENTAREI EN TEMPO E FORMA A TOTALIDADE DE DOCUMENTACIÓN QUE ME SEXA REQUIRIDA POR PARTE DO CONCELLO.

VISTOS ESTES ANTECEDENTES, É ASUMINDO AS CONSECUCIÓNS LEGAIS, PROCEDIMENTAIS E ADMINISTRATIVAS DERIVADAS DA FALSIDADE E/OU OCULTACIÓN DE INFORMACIÓN NESTE PROCESO PÚBLICO, E POLO QUE

SOLICITO:

- QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DEVANDITO PROCESO SELECTIVO.

DATA: _____

ASINADO: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.

ANEXO II
CONVOCATORIA DÚAS (2) BECAS CICLO SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
BASES DE ACCESO ÁS BECAS
MAIO 2016

A) CARACTERÍSTICAS DAS BECAS CONVOCADAS:

- Número e definición das becas: dúas (2) becas para ciclo superior de administración e finanzas para os departamentos de Intervención (1) e Recadación (1).
- Tipo de xornada: completa, de luns a venres, en horario de mañá.
- Condicións económicas: 900,00 euros brutos ao mes.
- Tipo de relación xurídica: beneficiario/a dunha beca de formación do Concello de Nigrán.
- Tipo de sistema de acceso á beca: proba teórico/práctica e baremación curricular, partindo dos requisitos mínimos establecidos na norma reguladora desta liña de becas.

B) REQUISITOS MÍNIMOS DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO PROGRAMA:

Poderán ser beneficiarias destas becas as persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para obter axudas e subvencións públicas, reúnan os requisitos recollidos na Cláusula 2 das Bases Xerais de convocatoria, asinadas polo Alcalde- Presidente.

C) SISTEMA DE ACCESO Á BECA: estará composto por dúas partes:

- Proba práctica escrita, eliminatoria e puntuable: mínimo 3 puntos, máximo 6,00 puntos.
- Proba práctica oral – Entrevista curricular persoal, non eliminatoria e puntuable: máximo 1,00 puntos.
- Valoración CV, non eliminatorio e puntuable: máximo 3 puntos.

D) PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte neste proceso de acceso á beca deberán facelo mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente xunto co resto da documentación mínima recollida nesta convocatoria. O modelo de instancia específico, estará a disposición de todos/as os/as candidatos/as no Rexistro Municipal, no Departamento de Emprego, no Centro Antena e na páxina web municipal.

A presentación das solicitudes poderá facerse no rexistro xeral de documentos do Concello, ou en calquera das formas establecidas no art. 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Co fin de axilizar o proceso, os/as aspirantes que non presenten as solicitudes directamente no rexistro xeral do Concello, deberán comunicalo por telegrama, fax (986 383 931), ou outro medio no mesmo día da súa presentación, que deberá estar sempre dentro do prazo establecido nestas bases.

Os/as aspirantes que precisen adaptacións de medios e/ou tempo para a realización das probas de acceso á beca, presentarán escrito, xunto á solicitude de participación, no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como o certificado médico xustificativo da adaptación solicitada. A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación destas bases no BOP.

E) ADMISIÓN DE PARTICIPANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, expresando as causas de exclusións. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

As persoas excluídas ou omitidas, disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá ditarse unha nova resolución estimándoa ou desestimándoa e aprobando a lista definitiva, que será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos alegados na presentación de instancias.

No caso de non existiren aspirantes excluídos poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso de acceso á beca.

Posteriormente, unha vez finalizado este prazo, mediante resolución da Alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos, e convocarase aos/as aspirantes admitidos/as mediante a publicación da devandita resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello.

F) É IMPRESCINDIBLE PRESENTAR:

- Modelo oficial de instancia/declaración xurada asinado e datado: orixinal.
- DNI: copia compulsada.
- Título oficial requirido como requisito mínimo (Ciclo Superior de Administración e Finanzas): copia compulsada.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega (nivel mínimo Celga III): copia compulsada.
- Certificados / diplomas dos cursos públicos realizados e relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.
- Carnets profesionais relacionados coa beca á que se opta: copias compulsadas.
- Certificado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego: orixinal/copia compulsada.
- Vida laboral actualizada: orixinal/copia compulsada.
- CV actualizado: orixinal.
- En xeral, calquera outra documentación que os/as interesados/as consideren de relevancia neste proceso de acceso á beca.

No caso de ser seleccionado/a o/a becario/a deberá presentar nos primeiros 15 días de incorporación á beca, un Certificado Médico Oficial que acredite que non padece ningunha enfermidade ou defecto físico ou psíquico, que impida o exercicio das funcións propias do beca. A falta de tal documento considerarase como causa de posible rescisión da beca.

No caso de ser seleccionado/a, o/a becario/a deberá manter as condicións que permitiron o seu acceso ao PBM. A variación destas condicións poderá dar lugar a anulación da súa selección, pasándose á seguinte persoa da listaxe en orde de puntuación.

G) DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE ACCESO A BECA.

G.1. Proba práctica eliminatoria e puntuable: mínimo: 3,00 puntos; máximo 6,00 puntos.

O Tribunal establecerá un conxunto de probas nas que se valorará, ademais dos coñecementos propios da titulación requirida, o manexo de equipos informáticos e Internet, o dominio do idioma galego, a capacidade de redacción, os coñecementos sobre Nigrán, e demais aspectos técnicos necesarios para realizar as tarefas propias da beca.

Consistirá en demostrar o correcto manexo do programa Open Office Writer (tratamento de textos) e Open Office Calc (folla de cálculo) durante un período máximo de 60 minutos na execución dun/s exercicio/s establecido/s polo Tribunal. Ademais do coñecemento da/s aplicación/s, terase en conta a rapidez e a perfección na realización do/s mesmo/s.

Será necesario obter 3 puntos para pasar á seguinte fase de selección. Os/as aspirantes que non superasen esa puntuación quedarán eliminados do proceso.

G.2. Proba oral / Entrevista curricular persoal puntuable non eliminatoria: máximo 1,00 punto.

O Tribunal dirixirá aos/ás aspirantes todas aquelas preguntas relacionadas coa proba práctica realizada ou relativas a aspectos profesionais e/ou técnicos que se consideren axeitadas para garantir a idoneidade do/a candidato/a á beca.

G.3. Baremación de CV, puntuable non eliminatoria: máximo 3,00 puntos.

a) Formación regulada de carácter superior á esixida para optar á beca a que se presente o/a candidato/a e relacionada co contido da mesma: máximo 2, 00 puntos.

- licenciatura e/ou superior: 2,00 puntos.

- diplomatura: 1,50 puntos.

b) Formación complementaria impartida por entidades públicas relacionada co contido da beca: máximo 1,00 puntos.

- cada curso de ata 20 horas: 0,10 puntos.

- cada curso de 21 a 40 horas: 0,15 puntos.

- cada curso de máis de 40 horas: 0,20 puntos.

Unha vez rematado o proceso de acceso á beca e, en aplicación da Lei orgánica 3/2007, de 23 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en caso de empate en puntos entre un home e unha muller, primarase a presenza de mulleres en sectores nos que se atopan infrarrepresentadas. Se o empate se producise entre dúas persoas do mesmo sexo, ou sendo de sexos distintos non houberse lugar á aplicar a devandita lei orgánica e non existise ningún criterio técnico para proceder ao desempate, primarase a presentación oficial da solicitude de participación por Rexistro de Entrada.

Tras este proceso de selección, as posible suplencias, quedarán establecidas por orde de puntuación segundo recolla a acta de selección.

H) NOMEAMENTO DO TRIBUNAL:

A composición do órgano de selección é predominantemente técnica. Todos as persoas que o integran contan cun nivel de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á beca. Non forma parte o persoal de elección ou designación política e o persoal eventual.

Presidenta: dona Alejandra Cruces Pallarés, coma titular; dona María Aurora De Castro Valverde, coma suplente.

Vogais titulares:

dona Elba Durán Martínez,

don Raimundo Fernández Figueroa.

Vogais suplentes:

dona Julia Dopico Gómez,

dona María Luisa Barros Vidal.

Secretaria (con voz sen voto): dona María Xesús Seoane Lema, coma titular; dona Paula María Cubeiro Bouza, coma suplente.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas correspondentes que xulgue oportuno, limitándose os/as asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas, tendo voz pero non voto

I) LISTA RESERVA.

Con todos aqueles aspirantes que non sexan propostos para incorporarse á beca, e superaran todos os exercicios, elaborase unha lista de reserva.

A lista de reserva elaborase, por orde de puntuación, e cando sexa necesario procederose aos correspondentes chamamentos, ofertándose ao primeiro da lista, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertad. No caso de non contestar ao chamamento nas 48 horas seguintes á notificación oficial por escrito, procederose a chamar ao seguinte da lista.

J) INCIDENCIAS

O Tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten na interpretación destas bases e adoptar as resolucións, criterios ou medidas necesarias para o desenvolvemento do proceso.

K) RECURSOS PROCEDENTES

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso - administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa - Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Nigrán, 20 de maio de 2016
O ALCALDE – PRESIDENTE

Asdo.: Juan Antonio González Pérez

**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO
DÚAS (2) BECAS MUNICIPAIS CONCELLO DE NIGRÁN
TÉCNICO/A SUPERIOR ADMINISTRACIÓN E FINANZAS**

DON/A: _____
DNI: _____
ENDEREZO: _____
TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____

ANTE A CONVOCATORIA DUN PROCESO SELECTIVO PARA 2 PRAZAS DE BECARIO/A
CUNHA DURACIÓN DE 6 MESES A XORNADA COMPLETA, DE LUNS A VENRES, NO HORARIO
HABITUAL DESTA ADMINISTRACIÓN, POLO PRESENTE ESCRITO

DECLARO:

1. QUE COÑEZO E ACEPTO ÍNTEGRAMENTE O CONTIDO DAS BASES DE CONVOCATORIA DESTA PRAZA, CUMPRINDO A TOTALIDADE DE REQUISITOS QUE NELAS SE RECOLLEN.
2. QUE NON ESTOU INCAPACITADO/A FÍSICAMENTE NIN PADEZO ENFERMIDADE NIN DEFECTO FÍSICO E/OU PSÍQUICO QUE POIDA IMPEDIR O DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE OBXECTO DA BOLSA.
3. QUE NON TEÑO EXPERIENCIA LABORAL PREVIA NA PROFESIÓN OU ÁREA DE COÑECEMENTOS, ENTENDENDO POR TAL NON TER ESTADO/A CONTRATADO/A POLOS GRUPOS DE COTIZACIÓN CORRESPONDENTES AOS NIVEIS FORMATIVOS DA TITULACIÓN ESIXIDA OU NON TER ESTADO/A DE ALTA COMO AUTÓNOMO/A, EN ACTIVIDADES RELACIONADAS CO OBXECTO DA BOLSA.
4. QUE NON ESTOU RECIBINDO NINGÚN TIPO DE RETRIBUCIÓN DERIVADA DA REALIZACIÓN DE TRABALLO, TANTO POR CONTA ALLEA COMO POR CONTA PRÓPIA, ASÍ COMO CO COBRO DAS DISTINTAS PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO E/OU DE CALQUERA OUTRA TIPO DE BECAS DE SIMILARES CARACTERÍSTICAS E QUE, NO CASO DE SER SELECCIONADO/A RENUNCIAREI A CALQUERA OUTRO TIPO DE RETRIBUCIÓN.
5. QUE NON PARTICIPEI CON ANTERIORIDADE NOUTRA BECA DE CALQUERA ORGANISMO PÚBLICO E/OU PRIVADO PARA FORMARME NA MIÑA RAMA PROFESIONAL.
6. QUE ESTOU DISPOSTO/A A ASUMIR OS GASTOS DE DESPRAZAMENTO AO CENTRO DE TRABALLO DE DESTINO.
7. QUE NON ESTOU INCURSO/A NALGUNHA DAS PROHIBICIÓNS SINALADAS NO ARTIGO 13 DA LEI 38/2003, DE 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIÓNS.
8. QUE ME FAGO RESPONSABLE DA VERACIDADE DOS DATOS RECOLLIDOS NO CV E RESTO DA DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO.
9. QUE NESTE MOMENTO PRESENTO A TOTALIDADE DOS DOCUMENTOS ESIXIDOS NAS DEVANDITAS BASES.
10. QUE SON COÑECEDOR/A DE QUE ESTOU CONVOCADO/A DE FORMA OFICIAL E AUTOMÁTICA ÁS PROBAS DE SELECCIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA, SEN QUE O CONCELLO TEÑA QUE REALIZAR NINGÚN NOVO CHAMAMENTO.
11. QUE COMUNICAREI DE FORMA OFICIAL AO CONCELLO DE NIGRÁN CALQUERA

12. MODIFICACIÓN NOS APARTADOS ANTERIORES.
QUE, NO CASO DE SER SELECCIONADO/A, PRESENTAREI EN TEMPO E FORMA A TOTALIDADE DE DOCUMENTACIÓN QUE ME SEXA REQUIRIDA POR PARTE DO CONCELLO.

VISTOS ESTES ANTECEDENTES, É ASUMINDO AS CONSECUCIAS LEGAIS, PROCEDIMENTAIS E ADMINISTRATIVAS DERIVADAS DA FALSIDADE E/OU OCULTACIÓN DE INFORMACIÓN NESTE PROCESO PÚBLICO, E POLO QUE

SOLICITO:

- QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO DEVANDITO PROCESO SELECTIVO.

DATA: _____

ASINADO: _____

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE NIGRÁN.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Pretende continuar cunha iniciativa que xa ven de atrás. Refírese aos aspectos básicos da mesma e indica que serán 6 as bolsas.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Van apoialo. Pensan que hai que potenciar o aspecto formativo e iso prevese nas bases. O feito de que non se poidan encadear becas impúlsaos a apoiar a proposta.

Dª. Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular: Están a favor de que se siga coa iniciativa.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Parécelle ben que se favoreza a adquisición de experiencia polos bolseiros. Pensa que o apoio á xuventude favorece a iniciativa. Hai reparos suspensivos.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Está de acordo con que o Concello ofrezca prácticas formativas aos xoves. Hai aspectos que lle ofrecen dúbidas, como a xornada equiparada á dos funcionarios, retribucións, etc, que se poderían mellorar.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 16; PSOE, PP, Nigrán Decide e UCN.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 1; BNG.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

III.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

III.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA ESPECIAL REFERENCIA Á SUBVENCIÓN PARA SERVIZOS SOCIAIS

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos membros da Corporación copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de abril de 2016 e o 29 de abril de 2016, ambos incluídos.

En especial o pleno toma razón do seguinte Decreto do 29 de marzo de 2016, que se transcribe:

SUBVENCÍONS PARA SERVIZOS SOCIAIS

Vista o Decreto 99/2012 do 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento

Esta Alcaldía-Presidencia, RESOLVE:

PRIMEIRO.- Solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 de 16 marzo, dunha subvención de 177,854,00 €, co seguinte detalle:

- Persoal	30,026,00 euros
- Mantemento:	0,00 euros
- Axuda no Fogar:	
. Modalidade de prestación básica do Plan Concertado	0,00 euros.
. Modalidade para persoas valoradas como dependentes	147.828,00 euros

Os programas de Axuda a Domicilio (dependencia) e gastos de persoal (dous traballadoras sociais) son prórroga, e a prestación de servizos continúa desenvolvéndose nas mesmas condicións do ano anterior.

SEGUNDO.- Compromiso de cofinanciar o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2016 na contía de 227,473,66 €, que supón unha porcentaxe do 56,12 % sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

TERCEIRO: Dar conta ao Pleno.

III.2.- DAR CONTA DA AVALIACIÓN DO GRADO DE CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E DO NIVEL DE DÉBEDA VIVA NO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros o informe da Intervención municipal, que a seguir se identifica:

-Rfa. T 45/16
-Data de emisión: 29-04-2016

-Epígrafe: Obxectivo de estabilidade orzamentaria, "Regla do gasto" e nivel de débeda viva estimados no primeiro trimestre de 2016 e referidos ao día 31-12-2016.

III.3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGO DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS DURANTE O PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre o cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán durante o 1.º trimestre do 2016.

III.4.- DAR CONTA DA RELACIÓN DE ÓRDENES DE PAGO CON REPAROS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2016

Dende a convocatoria da sesión estivo á disposición dos Sres. Concelleiros a documentación facilitada pola Intervención municipal, sobre relacións contables con reparos aprobadas no primer trimestre 2016.

III.5.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Alberto García Pazos, do grupo Popular.*

1.1. En xaneiro o Sr. Alcalde indicou que fan iniciar o procedemento para eliminar todos os residuos que hai no vertedoiro situado ao lado da depuradora. ¿Como temos o procedemento administrativo?

Sr. Alcalde-Presidente: Entregáronnos fai un mes aproximadamente un proxecto completo, porque había un borrador que non servía para contratar. A intención nosa é utilizar o remanente do ano 2015 para poder contratar as obras; uns 40.000 euros.

1.2. Cando se modificou o sentido da rúa do Mariñeiro naquel momento a contestación sobre o problema das prazas de aparcamento vostede dixo que no inverno estudaríase para o verán alternativas para suplir as prazas de aparcamento que se eliminaran. ¿Temos alternativa?

Sr. Alcalde-Presidente: Hai alternativas. Estamos pechando, sobre todo co servizo da Policía Local, esas alternativas que ogallá non nos fagan ter que por a rúa do Mariñeiro de sentido único.

1.3. ¿Iniciaron o procedemento para a contratación da RPT?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: O procedemento como tal non está iniciado, pero xa está redactada a memoria e simplemente é pasala a contratación.

¿Que tempo de execución dan á empresa?

Sr. García Moreira: Un ano.

1.4. ¿Finalizaron o documento de peche presupostario do exercicio 2015?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non.

Sr. García Pazos: Digoo porque como xa comentei hai dous ou tres Plenos, hai dous proxectos importantes que figuran na memoria do presuposto que eran prioritarios, que son o abastecemento de auga a Parada e a reforma do pavillón municipal, que, ata que se teña o documento que indique o remanente de Tesourería para gastos xerais, estamos xogando con dúas obras que suman entre as dúas 1 millón de euros.

Sr. Alcalde-Presidente: Non temos ese remanente aínda, pero imos facendo os deberes para ir adiantando prazos. Así temos o proxecto do pavillón para poder contratar, tamén temos o proxecto de abastecemento a Parada, así como o abastecemento de auga e saneamento en Lagoiña, Xestal, Palomar, que estaba dentro do convenio coa Xunta de Galicia e tamén temos, ou estamos a punto de ter se non o entregaron xa, o proxecto da rúa do Mariñeiro, que tamén queremos que vaia dentro dese remanente. Logo, se temos máis cartos faremos máis compromisos.

1.5. ¿En que situación se atopa o expediente administrativo de reintegro de cantidades presuntamente percibidas indebidamente que se abriu á empresa concesionaria da recollida de residuos e limpeza viaria?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda está a empresa pendente de mandar máis información. Tivemos reunións coa empresa. Déuselle máis prazo para que presentaran as súas alegacións aos informes da Enxeñeira e, unha vez que teñamos a resposta da empresa, que ninguén dubide de que vamos a cumprir o que nos indiquen os técnicos municipais e a auditoría.

1.6. Estamos comezando a tempada de verán, rógolle adecenten os areais de Nigrán.

2.- D^a. *Liliana Silva Pequeño, do grupo Popular.*

2.1. ¿Xa se sabe algo do servizo de socorrismo para este ano?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa está tramitado, a través da Mancomunidade como todos os anos. A resolución da Xunta pon que podemos contratar 25+1 pero que iso non significa que nos vaian a dar a subvención despois.

3.- D. Anxo Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide:

3.1. ¿Pensa someter a información pública o proxecto do río Muíños?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non está aprobado definitivamente polo Concello. Está en fase de informe e logo contratarase.

3.2. ¿Cando pensa convocar o Consello Sectorial?

Sr. Alcalde-Presidente: Xa o está para o día 9 de xuño; o equipo redactor vai estar cos técnicos municipais e ás 20 horas será a reunión cos colectivos.

3.3. Fai dous anos fixose un recheo na canteira de Mámoa, ¿contaba con autorización municipal o citado recheo?

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Non contaba con licencia municipal, por iso se mandou o expediente a APLU. Aproveitando, os interesados que fixeron unha consulta sobre ese expediente, recordarlle que está pendente de consultalo. Aprobouse a vista do expediente, pero nunca se chegou a consultar fisicamente en Urbanismo.

4.- *D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:*

4.1. ¿Cando se convocaron as subvencións de axudas de emerxencia social, pois as bases aprobáronse fai dous meses?

Sr. Alcalde-Presidente: Saíron publicadas no BOP.

Sr. Cuevas Raposo: O día 3 de maio de 2016 saíron publicadas as Bases específicas de concesión de axudas de emerxencia social, pero á parte de publicar as bases hai que convocalas, iso é o que di a lei de subvencións.

4.2. ¿Que porcentaxe do total do orzamento se leva gastado este ano das partidas de gastos diversos de Servizos sociais e de Emerxencia social?.

Sr. Alcalde-Presidente: Non o sei.

Sr. Cuevas Raposo: Voulo a dicir, de gastos diversos 7.000 euros, de emerxencia social, cero euros, a 26 de maio.

Sr. Alcalde-Presidente: Estráñarme.

4.3. ¿Que trámites e cal é o resultado, para que o Concello incumprise a Lei de transparencia?.

Dª. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Adherímonos ao portal de transparencia e estamos actualmente en fase de pre-produción e posteriormente estaremos na fase de produción.

Sr. Cuevas Raposo: Esperemos que sexa máis rápido que os 6 meses que levamos dende que se aprobou facer esta solicitude.

4.4. Esta pregunta fixenlla no Pleno do 31 de marzo, lembreillo no Pleno anterior, ¿dende que chegou á Alcaldía cantos cursos de formación dirixidos a persoas desempregadas organizou o Concello de Nigrán?

Dª. Raquel Giráldez Armas, concelleira Delegada: Incluindo os obradoiros de emprego

que aínda que son da Mancomunidade pertencen ao Concello de Nigrán, temos un de cociña e un de camareiro dende finais do 2015 ata primeiro trimestre de 2016. A finais de 2015 a través da Deputación tamén se fixeron para desempregados un de auxiliar en transporte escolar e un de primeiros auxilios. Neste ano para xuño está planificado un de inglés para turismo para mozos desempregados a través da Deputación e a partir do segundo semestre do ano estanse valorando varias opcións, sobre todo certificados de profesionalidade e posiblemente un de lavandería, por definir para mulleres exclusivamente, e un par deles orientados ao polígono terciario de Porto do Molle, sen definir. Posiblemente tamén un ciclo de prevención de riscos laborais. Todo iso sen incluír os xa solicitados, que foron tres, un de turismo, un de institucións sociais sanitarias e un de seguridade informática, todos pendentes de confirmación.

4.5. Lle solicitei diversa información sobre CESPA por escrito fai tempo, non me contestou, pregúntollo aquí.

Sr. Alcalde-Presidente: Toda a información que solicitas por escrito fírmase para que cho entreguen. O que pasa é que ás veces antes de que estean os informes xa os pides. Entón non se contesta porque aínda non está feito.

Sr. Cuevas Raposo: ¿Que día se fixo e que número de rexistro de saída ten a reclamación de datos a ECOEMBES en relación ao recadado pola participación nos sistemas integrados de recollida selectiva?.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Sinto non ser tan protocolario, pero o procedemento foi primeiro telefonicamente co contacto da empresa e posteriormente por correo, co cal o rexistro de saída desa petición non o temos porque foi unha petición no marco de colaboración entre administracións.

Sr. Cuevas Raposo: Dos datos que vai recibindo o Concello por agora, o que é a participación nos sistemas integrados de xestión vai haber que reclamarlle, calculo, 50.000 euros a CESPA, por facturas infladas, digamos. Eses son os datos que me facilitaron vostedes nunha táboa de excel, e me supoño que para reclamar esa cantidade non iredes alí cunha táboa excel impresa. Haberá que ter unha documentación pedida oficialmente.

4.6. Houbo unha exposición no salón de actos, ¿de que?.

Sr. Alcalde-Presidente: Foto ciencia.

Sr. Cuevas Raposo: ¿Porque non se publicou en notas de prensa?.

Sr. Alcalde-Presidente: Porque non queremos esaxerar sendo tan publicitadores que logo nos botas a bronca de que estamos facendo propaganda todo o día. E decidimos que esta a mirasen sen propaganda.

Sr. Cuevas Raposo: Hai que facela cando hai que facela e hai que non facela cando non hai que facela. Eu cando solicitei que trouxeran esa exposición puiden facer

propaganda, pero por non prexudicar ao Concello de Nigrán non fixen propaganda, pero a realidade é que esa exposición a trae gratuitamente o CSIC, coma outras máis, e hai un formulario de avaliación onde se piden os recortes de notas de prensa onde hai que mencionar que é unha colaboración co CSIC. Probablemente como cando fagan a avaliación non vai haber ningún recorte de prensa nin cartel ao mellor non dan ningunha outra. Farei a petición pública deste tema. Tan só se oferta a dous concellos da provincia ao mellor o concello de ao lado espabila e o consegue.

4.7. Fai uns plenos preguntei se ían facer unha ordenanza de venda ambulante, me dixeron que si, ¿empezaron o proceso?.

Sr. Alcalde-Presidente: Non.

4.8. Lle pedín unha serie de documentación que é o convenio que mantén o Concello de Nigrán coa Escola Superior Gallaecia de Vilanova de Cerveira e uns informes técnicos aos que se referiu o Alcalde de Nigrán nunha nova publicada nos que recomenda que a futura biblioteca de Nigrán teña como unha sala con como mínimo 50 postos de lectura ¿por que non se me deu esa información?.

Sr. Alcalde-Presidente: Porque non hai convenio aínda. O informe dos técnicos municipais creo que non dicía iso. Iso era baseado nos informes que ti aportaches.

Sr. Cuevas Raposo: Entón esta nota de prensa do Concello de Nigrán onde fala de que o Concello e o centro educativo asinan un convenio de colaboración o pasado mes de abril...

Sr. Alcalde-Presidente: Non é correcto, non está asinado.

5.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

5.1. Con respecto aos aparcamentos de Panxón, que se estude a posibilidade de incrementar as prazas de aparcamento na Rúa Cidade de Vigo habilitando aparcamentos en batería.

5.2. Se fose posible, que se fagan xestións coas distintas operadoras de telefonía para que se implante a fibra óptica, principalmente en zonas urbanas do municipio, especialmente na primeira liña de Praia América, Panxón e Patos, que hai bastantes queixas.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: Xa se lle planteou á Telefónica directamente a importancia dun despregue de fibra óptica aquí, basicamente porque non teñen ese despregue feito. Á parte da fibra, planteóuselle o problema dalgúns repetidores como o de Camos, que simplemente con cambiar un nódulo conseguiríase maior cobertura de ADSL no rural, e non o están facendo. A explicación técnica da compañía é que mentres ese aparato funcione non o van substituír. Incluso sabemos que agora estase despregando, utilizando a antiga banda da TDT, novas plataformas de 4G na zona centro de Nigrán, pero en cambio non están apostando polo cableado antigo. De feito hai pouco tivemos que intervir a través de Retegal e pasándolle unha

queixa formal ao organismo de despegue de 4G porque había interferencias en varios edificios. De momento, por parte de Telefónica a prioridade é o despegue de 4G, pese a que se lle reiterou máis dunha vez. É máis, non só fibra, senón que moitas veces remodelando as centrais vellas que dan servizo a Camos, Priegue, Panxón e demais, conseguiríase unha maior conexión de internet.

5.3. Que se revise a ubicación dun paso peonil que se pintou recentemente na rúa da Foz, parece ser que se pintou mesmo na rampla que fai a entrada do garaxe.

5.4. Que se ordene a limpeza dunha parcela na rúa Romana Alta, que está chea de maleza e toxos.

5.5. Que se contesten as preguntas dos últimos plenos que aínda non se contestaron.

5.6. Vostede rechazou unha subvención outorgada pola Xunta para reparación de colexios por importe de 2.000 euros, ¿que actuacións se están levando a cabo para que a Consellería de Educación rectifique? ¿Está cuantificado o custe económico por colexio que lle correspondería atender á Xunta?

Sr. Alcalde-Presidente: O custe económico está cuantificado polas direccións dos centros que son as que nos trasladan as peticións. Por parte nosa fixemos unha reclamación tanto á Consellería como ao Delegado de Educación que aínda non nos responderon, que asinaron todas as ANPAS e todas as direccións dos centros públicos, co que algo pode que fagan porque a partir de mañá o Delegado recibe á dirección e ANPA dos centros.

5.7. A praza de abastos da Ramallosa nos últimos anos foi perdendo actividade comercial, pasando de ter varios postos a quedar ultimamente un só posto de venda de peixe. ¿Que accións ten pensado realizar para intentar dinamizar a actividade económica na praza de abastos da Ramallosa e se está alguén encargado da limpeza do local?

Sr. Alcalde-Presidente: Creo que é a persoa que ten o único posto que hai. Por agora non temos ningunha acción concreta.

5.8. Recentemente procedeuse á paralización da construción da nave en Porto do Molle da empresa DELTA VIGO, obras iniciadas fai uns meses sen licenza municipal, como ten acontecido en varios casos, así como movementos de terras empregando camións de gran tonelaxe sen protección en beirarrúas provocando danos. ¿En que situación se atopa a tramitación da licenza de obras e actividades? ¿que problemas existen? ¿É compatible a actividade cos usos previstos no parque terciario de Porto do Molle? ¿De ser así, por que non se lle da a máxima celeridade a un expediente de suma envergadura?

Sr. Alcalde-Presidente: Estase a dar a máxima celeridade. O que pasa é que é máis complicado do que pensábamos. Estivemos en diversas reunións con Zona Franca, coa empresa, coa Delegación de Medio Ambiente da Xunta de Galicia que ten que dar o visto e prace final a esta proposta, e creo que finalmente a semana pasada xa se encontrou unha solución, sendo absolutamente compatible. O problema que temos é

que a normativa que rexe o parque é moi obsoleta. Hai que facer unha modificación. Os técnicos municipais pediron asesoramento á Deputación porque nalgúns aspectos tiñan certas dúbidas e buscouse alguén que tivese máis experiencia.

5.9. ¿En que situación se atopa o contrato de mantemento de zonas verdes?, ¿xa foi resolta a adxudicación? De ser así, ¿cal é o nome da empresa adxudicataria e porque importe?

Sr. Alcalde-Presidente: A empresa adxudicataria é Píntega, de Valadares, pero hai unha pequena dúbida por se a oferta é temeraria. Pedíuse información á empresa para que xustificase esa oferta económica.

5.10. ¿Xa están en marcha os expediente de contratación de auditorías de servizos externalizados como saneamento e abastecemento de auga, limpeza de edificios públicos, mantemento de zonas verdes, servizo de axuda no fogar, etc?.

Sr. Alcalde-Presidente: Xa está no departamento de contratación. O departamento de contratación está, como case todos os servizos deste concello, cunha carga de traballo importante e van abordando como mellor poden todos os procedementos. Teñen a indicación política para que se inicien eses procesos, pero están sacando todos os procedementos anteriores para entrar de cheo niso o mesmo que o da RPT.

5.11. ¿En que situación se atopa a recuperación dunar de Praia América-Canido? Recentemente publicouse en prensa que estíbese a redactar un proxecto de 500.000 euros para corrixir o leito do río. ¿Están feitos os estudos rigorosos que avalan tal actuación? ¿Non estaremos ante fenómenos equinocciais que poidan afectar ás mareas e ás correntes mariñas que fagan cambiar o curso do río, como se leva repetindo nos últimos 50 anos, que ao mellor a consecuencia non é no río, senón no mar?.

Sr. Alcalde-Presidente: O proxecto dos 500.000 euros é o que comentou antes Anxo, o da recuperación integral do río Muíños, no que os técnicos pensan que corrixindo eses sobrantes de auga axudaría a que a afección no litoral fose menor.

Sr. Fernández Comesaña: Había que retomar un estudio feito fai uns cantos anos onde se analizara nos últimos 200 anos o comportamento das mareas e se facía referencia ao cambio do leito do río. Eu recordo desde que estou nesta casa, que corporacións anteriores facían con maquinaria un cambio artificial do río. Ao ano seguinte volvía a cambiar e Porto do Molle non existía. Conviña rescatar ese estudio que analizaba 200 anos para atrás.

5.12. Quería trasladarlle ao Alcalde a queixa dun cidadán que solicitou o día 8 de abril copias duns informes da Policía Local con respecto a unhas denuncias por ruído nun local, recibindo resposta denegatoria o día 13 deste mes a través dun escrito do Xefe da Policía Local. ¿É normal esta forma de proceder? ¿Por que non se adoptan medidas nas reiteradas queixas que plantexan os veciños? Se lle dirixen o escrito a vostede é normal que vostede conteste. Parece que agora a Policía Local é un ente autónomo.

D. Diego García Moreira, concelleiro Delegado: O feito de que a Policía Local contestara ven a través dunha pequena polémica sobre os partes policiais. Moitas veces, cando se cedían partes policiais porque os veciños os demandaban había certos datos de procedemento que a Policía non quería que constaran e que eran internos. Como houbo ese pequeno problema, que nesa documentación que se entregaba ao cidadán había parte procedimental da Policía, esta vez pedíuselle opinión ao Xefe da Policía sobre eses partes que se estaban solicitando. O que descoñecía era que se denegara a vista deses partes, é inaudito.

Sr. Alcalde-Presidente: O revisaremos.

6.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

6.1. No Pleno do mes pasado o Sr. Cuevas preguntou se os grupos municipais presentaran a xustificación das asignacións recibidas para gastos de financiamento e naquela altura aínda había grupos que non a presentaran, entre eles o BNG, que o fixemos a continuación. Eu quería saber se xa foi completada a presentación da xustificación por parte de todos os grupos políticos e, no caso de que así fose, se imos a analizar esas xustificacións, que penso que é o obxectivo de que se presenten, podería facerse no seo da Comisión de Suxestións dentro das súas funcións de transparencia ou noutro sitio. Rogaría que haxa unha comprobación.

Sr. Alcalde-Presidente: Por agora só presentamos en prazo Nigrán Decide e Partido Socialista e fóra de prazo BNG.

6.2. Eu quería preguntar por un tema que parece eternizarse no tempo que é a reforma do cruce da rúa Manuel Alonso coa rúa Vilameán.

Sr. Alcalde-Presidente: Está pendente o asfaltado da rúa Manuel Alonso, que xa está contratado e no momento en que se asfalte baixarase o paso de cebra que é unha solución intermedia.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.